



Convocatoria do FONDO SOLIDARIO de libros de Texto AXUDAS para LIBROS DE TEXTO / AXUDAS para MATERIAL ESCOLAR

Pola [Orde do 07/maio/2024 \(DOG 20/05/2024\)](#) convócanse para o **curso 2024/25** as seguintes axudas:

1. **FONDO SOLIDARIO de libros de texto** só para o **ALUMNADO de 3º/4º de EP**. (*En 5º/6º EP e 1º/2º/3º/4º ESO non participan por estar no programa EDIXGAL-libro dixital*)
2. **AXUDAS para adquirir libros de texto** para alumnado matriculado **1º/2º de EP**.
3. **AXUDAS para adquirir material escolar** destinadas ao **alumnado matriculado en EP e ESO**.

PRAZO DE PRESENTACIÓN

- a) **Do 21 de maio ata o 21 de xuño de 2024**, ambos incluídos.

DOCUMENTACIÓN

- Poderanse presentar as solicitudes presencialmente nos centros docentes ou en calquera dos rexistros establecidos na normativa do procedemento administrativo común
- Tamén por vía electrónica no formulario normalizado (ED330B-anexos I e II) accesible desde a sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>
- Para a presentación de solicitudes poderá empregarse mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluíndo a Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).
- Este formulario de solicitude estará dispoñible no centro educativo e na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>
Así mesmo, a aplicación informática Fondolibros (www.edu.xunta.gal/fondolibros) permitiralles aos centros xerar solicitudes unha vez introducidos os datos
- A solicitude deberá estar asinada polo pai, nai, titor/a ou representante legal do alumnado, e a súa presentación implicará que acepta as bases da convocatoria, cumpre os requisitos exixidos nela e que son certos os datos indicados na solicitude.

OBRIGAS DOS BENEFICIARIOS

1. Devolver os libros de texto e o material reutilizable recibido do fondo solidario no curso 2023/24 (3º/4º EP). Establecerase un calendario de devolución a finais de xuño.
2. Conservar en bo estado os libros de texto e o material reutilizable recibido do fondo solidario do curso escolar 2024/25 e devolvelos ao rematar este, en xuño de 2025.
3. Destinar o importe do vale para libros a adquirir os libros de texto que indique o centro en que estea matriculado o alumnado, e o importe do vale para material a adquirir o material escolar que necesite.
4. Respetar as obrigas establecidas no artigo 11 da lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

MÁIS INFORMACIÓN...

- ❖ Páxina web do centro: <http://www.edu.xunta.gal/centros/cpidevedra/node/381>
- ❖ Aplicación <https://www.edu.xunta.gal/fondolibros/>
- ❖ Directamente na Secretaría do CPI Plurilingüe de Vedra.

NOTAS IMPORTANTES:

1. **Todas estas AXUDAS dependen da renda (ver cadro na páxina web do centro).**
2. **Lembren que o prazo acaba o 21 de xuño de 2024.**